



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2025

En Laxe, sendo as 20:00 horas do 25 de setembro de 2025, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)
Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Non asiste:
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)

Actúa como secretaria-interventora deste concello, Dona Begoña Carrasco García

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS: 31/07/2025 E 10/09/2025. Expte. núm. 2025/G006/000027.

Dase conta dos borradores das actas das sesións anteriores de data 31/07/2025 e 10/09/2025 para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Non habendo intervencións, sométense a votación os borradores anteriores, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [(5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro representante do PSdeG PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Quedan por tanto, aprobados os borradores do pleno de datas 31/07/2025 e 10/09/2025.

2.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE PARA DECLARAR A SEMANA SANTA DE LAXE, COMO FESTA GALEGA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA. EXPTE. NÚM. 2025/U029/000010.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA PARA O PLENO DO CONCELLO DE LAXE

Asunto: *Solicitud para declarar a Semana Santa de Laxe como festa de interese turístico de Galicia. Expediente Municipal: 2025/U029/000010*

Consideracións legais | Técnicas



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G

DIR3: L01150406

LEI 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.[DOGA núm. 21c de venres 11 de novembro de 2011]

DECRETO 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia. [DOGA núm. 12 de martes 20 de xaneiro de 2015].

Exposición de motivos:

A semana Santa de Laxe estase a converter nun dos reclamos turísticos máis salientables do Concello de Laxe fora da época estival. Cada ano increméntase o número de asistentes ós oficios relixiosos e as diferentes procesións, especialmente a procesión do “Santo enterro ou Rosario da Boa Morte”.

Unha vez realizado un traballo de investigación histórica, dispoñemos de datos extraídos de diferentes arquivo eclesiásticos e civís que indican que a semana santa de Laxe ten una antigüidade de 288 anos.

A nosa semana santa é unha das máis singulares de Galicia, e pódese considerar unha celebración relixiosa netamente galega que escapa da teatralidade e a suntuosidade doutras celebracións en Galicia e en España.

É unha semana santa íntima na que nos invitan a sentir e vivir a paixón de Cristo e que inclúe actos litúrxicos de seu que a fan distintiva doutras celebracións existentes en Galicia.

O Decreto 4/2015 establece no seu artigo 3 os seguintes requisitos para que unha festa poida ser declarada de interese turístico de Galicia:

- Antigüidade: Deben ter unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.
- Singularidade: as festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.
- Arraigamento: elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.
- A realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas.
- Valor cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.
- Continuidade no tempo.

A semana santa cumpre con todos estes requisitos.

Unha vez lido o traballo de investigación histórica realizado arredor da semana santa, e unha vez comprobada a súa antigüidade, a súa continuidade no tempo, a súa singularidade, o seu arraigo entre a poboación local, a promoción realizada, e os seus valores culturais, esta alcaldía entende que a semana santa de Laxe podería ser declarada Festa de Galicia de Interese Turístico.

Conseguir este fito redundaría na promoción económica, cultural e turística do noso municipio, e sería un atractivo máis que atraería máis visitantes nunha data fora da época estival.

Considerando a documentación existente no expediente arriba referenciado, e en uso das atribucións conferidas pola normativa de réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. – Solicitar á Axencia Turismo de Galicia da Xunta de Galicia a declaración de festa galega de interese turístico para a Semana Santa de Laxe.

O alcalde explica brevemente a proposta e tras breves intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [(5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro representante do PSdeG PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe)]

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

VOTOS EN CONTRA: 0
ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO. – Solicitar á Axencia Turismo de Galicia da Xunta de Galicia a declaración de festa galega de interese turístico para a Semana Santa de Laxe.

3. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA NÚM. 18/2025 POR TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS. EXPTE. NÚM. 2025/T002/000018.

Dase conta da seguinte proposta:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA VERBO DA APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 18/2025, AO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2025.
EXPEDIENTE Nº 2025/T002/000018*

Sométese á aprobación do Pleno da Corporación o expediente de modificación de créditos nº 18/2025, por transferencias de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2025, que se financia con cargo a transferencias de crédito doutras aplicacións de distintas áreas de gasto do orzamento, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 22/09/2025, que consta no citado expediente.

Vistos asemade o informe emitido pola secretaría-intervención desta corporación, esta Alcaldía propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte

A C O R D O

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 18/2025, por transferencias de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2025, que se financia con cargo a transferencias de crédito doutras aplicacións de distintas áreas de gasto do orzamento, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 22/09/2025, que a continuación se indica:

PARTIDAS ALZA

Partidas alta		Descripción	Importe alta
151	227.06	Urbanismo. Estudios e traballos técnicos. Cantidad necesaria para atender gastos de urbanismo (desenvolvemento do Plan Parcial).	18.000,00
340	227,99	Adm. Gral. de deportes. Outros traballos realizados por outras empresas ou profesionais. Cantidad necesaria para maior gasto de traballos realizados por outras empresas (contratación escolas deportivas).	22.000,00
TOTAL			40.000,00

PARTIDAS BAIXA

Partidas baixa		Descripción	Importe baixa
231	120.01	Asistencia social primaria. Soldos A2. Cantidad non necesaria para gasto de persoal (técnico de intervención familiar)	6.434,06
231	120.06	Asistencia social primaria. Trienios Cantidad non necesaria para gasto de persoal (técnico de intervención familiar)	1.898,47
231	121.00	Asistencia social primaria. Complemento destino Cantidad non necesaria para gasto de persoal (técnico de intervención familiar)	3.558,33
231	121.01	Asistencia social primaria. Complemento específico Cantidad non necesaria para gasto de persoal (técnico de intervención familiar e previsión de incremento no expediente)	4.909,99

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G

DIR3: L01150406

		de modificación da RPT deste complemento á traballadora social)	
231	160.00	Asistencia social primaria. Seguridade social Cantidade non necesaria para gasto de persoal (técnico de intervención familiar)	3.984,50
241	130.00	Fomento de emprego. Retribucións básicas. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (previsión de incremento do complemento específico no expediente de modificación da RPT para a orientadora laboral).	3.850,00
334	131.00	Promoción cultural. Laboral temporal. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (previsión de incremento do complemento específico no expediente de modificación da RPT para animadora cultural e minoración por situación de IT).	2031.4
920	121.01	Administración xeral. Complemento específico. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (previsión de incremento do complemento específico no expediente de modificación da RPT para os funcionarios de administración xeral).	11.333,25
925	130.02	Atención aos cidadáns. Outras remuneracións. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (previsión de incremento do complemento específico no expediente de modificación da RPT para o encargado da OMIX e da oficina de turismo).	2.000,00
TOTAL			40.000,00

Segundo.- Expoñer ao público o expediente de modificación de crédito nº 18/2025, por transferencias de crédito, ao vixente orzamento municipal para 2025, por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Terceiro.- Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o devandito expediente de modificación de crédito nº 18/2025, este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación, unha vez incluída esta modificación, do orzamento definitivo resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Cuarto.- .-A modificación aprobada producirá efectos desde a data de publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido expediente de modificación de créditos aprobado definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma."

O alcalde explica brevemente a proposta e tras breves intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 0



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G

DIR3: L01150406

ABSTENCIÓNS: 5 [(3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro representante do PSdeG PSOE e don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 18/2025, por transferencias de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2025, que se financia con cargo a transferencias de crédito doutras aplicacións de distintas áreas de gasto do orzamento, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 22/09/2025, que a continuación se indica:

PARTIDAS ALZA

Partidas alta		Descripción	Importe alta
151	227.06	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos. Cantidade necesaria para atender gastos de urbanismo (desenvolvemento do Plan Parcial).	18.000,00
340	227,99	Adm. Gral. de deportes. Outros traballos realizados por outras empresas ou profesionais. Cantidade necesaria para maior gasto de traballos realizados por outras empresas (contratación escolas deportivas).	22.000,00
TOTAL			40.000,00

PARTIDAS BAIXA

Partidas baixa		Descripción	Importe baixa
231	120.01	Asistencia social primaria. Soldos A2. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (técnico de intervención familiar)	6.434,06
231	120.06	Asistencia social primaria. Trienios. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (técnico de intervención familiar)	1.898,47
231	121.00	Asistencia social primaria. Complemento destino. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (técnico de intervención familiar)	3.558,33
231	121.01	Asistencia social primaria. Complemento específico. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (técnico de intervención familiar e previsión de incremento no expediente de modificación da RPT deste complemento á traballadora social)	4.909,99
231	160.00	Asistencia social primaria. Seguridade social. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (técnico de intervención familiar)	3.984,50
241	130.00	Fomento de emprego. Retribucións básicas. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (previsión de incremento do complemento específico no expediente de modificación da RPT para a orientadora laboral).	3.850,00
334	131.00	Promoción cultural. Laboral temporal. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (previsión de incremento do complemento específico no expediente de modificación da RPT para animadora cultural e minoración por situación de IT).	2031,4
920	121.01	Administración xeral. Complemento específico. Cantidade non necesaria para gasto de persoal (previsión de incremento do complemento específico no expediente de	11.333,25

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G

DIR3: L01150406

		modificación da RPT para os funcionarios de administración xeral).	
925	130.02	Atención aos cidadáns. Outras remuneracións. Cantidad non necesaria para gasto de persoal (previsión de incremento do complemento específico no expediente de modificación da RPT para o encargado da OMIX e da oficina de turismo.	2.000,00
TOTAL			40.000,00

Segundo.- Expoñer ao público o expediente de modificación de crédito nº 18/2025, por transferencias de crédito, ao vixente orzamento municipal para 2025, por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Terceiro.- Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o devandito expediente de modificación de crédito nº 18/2025, este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación, unha vez incluída esta modificación, do orzamento definitivo resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Cuarto.- A modificación aprobada producirá efectos desde a data de publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido expediente de modificación de créditos aprobado definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

4. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2025/X998/000230 SOBRE CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 16/2025.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 16/2025

EXP. Nº: 2025/X998/000230

Sométese a aprobación do Pleno da Corporación as facturas pola prestación do servizo de axuda no fogar, polas modalidades de dependencia e libre concurrencia, correspondente aos meses de xuño e xullo de 2025, presentadas pola empresa prestadora do servizo Senes Cit S.L.

O servizo de axuda no fogar é un servizo municipal integral, polivalente e comunitario, orientado a unidades familiares que presentan dificultades para a realización de actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención, mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu entorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional. Estamos, por tanto, ante un servizo esencial que ten unha alta demanda, motivada principalmente polo avellentamento da poboación.

Considerando que o actual expediente de contratación coa empresa Senes Cit S.L. excede dos límites do contrato menor, iniciouse o expediente de contratación por procedemento aberto, da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Laxe, número 2025/C004/000002, polo que mediante providencia desta alcaldía, de data 27 de xaneiro de 2025, se dispón que por parte do Departamento de Servizos Sociais Municipal, por ser o que coñece o funcionamento do mencionado



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G

DIR3: L01150406

servizo, se elaboren os pregos de prescricións técnicas para licitar o contrato de prestación deste servizo.

Neste momento, este expediente está en fase de elaboración dos pregos de características técnicas e da memoria económica, trámites necesarios para poder avanzar no procedemento de licitación do servizo.

ANTECEDENTES:

-Propostas de alcaldía de datas 15/09/2025.

-Solicitud de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora de data 17/09/2025

-Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas asinado pola Alcaldía o día 17/09/2025.

-Informe de omisión de fiscalización de 17/09/2025

NORMATIVA APLICABLE:

- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local

CONSIDERACIÓNS:

1.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente observase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unido este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.

A lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, dispón na súa Disposición Adicional 2ª. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.

1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido a os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.

Si tomamos en consideración a facturación do Servizo durante o exercizo de 2024, resulta que o importe do mesmo ascendería a 386.359,49 €. Os recursos ordinarios do orzamento do exercicio de 2025, ascenden a 3.225.471,66 €, polo que o 10% serían 322.547,17 €, excedendo por tanto a contía sinalada na Disposición adicional 2ª da Lei de contratos do sector público en canto ao límite para a competencia como órgano de contratación da Alcaldía, correspondendo por tanto ao Pleno da Corporación.

2.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado.

Ademáis e dado que estamos ante un servizo esencial e básico para a poboación deste concello, cómpre que a empresa continúe coa súa prestación ata a licitación dun novo contrato.

3.- Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 15/09/2025.

4.- Considerando que está iniciado o expediente de contratación polo procedemento aberto, da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Laxe, número 2025/C002/000002, e que



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

neste momento se atopa en fase de elaboración dos pregos de características técnicas e da memoria económica.

Esta alcaldía facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2025/933	29/07/2025	01 374	29/07/2025	4366,58	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XUNO 2025	2025 231 22799 2025/3/SSSAD
F/2025/934	29/07/2025	01 373	29/07/2025	30744,48	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XUNO 2025	2025 231 22799 2025/3/SSSAD
F/2025/1032	29/08/2025	01 391	29/08/2025	33062,48	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XULLO 2025	2025 231 22799 2025/3/SSSAD
F/2025/1033	29/08/2025	01 392	29/08/2025	4379,66	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIOn SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XULLO 2025	2025 231 22799 2025/3/SSSAD

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.

O alcalde explica brevemente a proposta.

O concelleiro do BNG, don Xosé Manuel Pose Lema pregunta si se pode estimar unha data para a licitación do servizo.

O alcalde contesta que canto antes, pero que non pode precisar data.

Os concelleiros do Grupo Mixto manifestan a súa intención de votar en contra.

Non habendo intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 5 [(3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro representante do PSdeG PSOE e don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

ABSTENCIÓNS: 0

Dacordo co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, realízase unha nova votación, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 5 [(3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro representante do PSdeG PSOE e don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo, co voto de calidade do alcalde:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G

DIR3: L01150406

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2025/933	29/07/2025	01 374	29/07/2025	4366,58	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XUNO 2025	2025 231 22799 2025/3/SSSAD
F/2025/934	29/07/2025	01 373	29/07/2025	30744,48	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XUNO 2025	2025 231 22799 2025/3/SSSAD
F/2025/1032	29/08/2025	01 391	29/08/2025	33062,48	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XULLO 2025	2025 231 22799 2025/3/SSSAD
F/2025/1033	29/08/2025	01 392	29/08/2025	4379,66	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XULLO 2025	2025 231 22799 2025/3/SSSAD

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.

PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

5. MOCIÓNS GRUPOS MUNICIPAIS:

5.1. Moción que presenta o BNG para declarar a Romaría dos Milagres de Traba, festa de interese turístico de Galicia. Expte. núm. 2025/G006/000029.

Dase conta da moción presentada:

“MOCIÓN PARA SOLICITAR AO GOBERNO DO CONCELLO DE LAXE QUE SOLICITE Á XUNTA DE GALICIA O INICIO DA TRAMITACIÓN PARA DECLARAR A ROMARÍA DOS MILAGRES DE TRABA FESTA DE INTERÉS TURÍSTICO DE GALICIA

María Cristina Vázquez del Prisco, portavoz 2ª do Grupo municipal do BNG no concello de LAXE, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación, a seguinte MOCIÓN:

Exposición de motivos:

Entendemos desde o BNG de Laxe que, a romaría dos Milagres de Traba cumpre con todo o requerido no artigo 3 do DECRETO 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, que recolle os requisitos para dito nomeamento como son:

a) Antigüidade: as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos, cifra amplamente superada polos Milagres de Traba.

As súas celebracións efectuaráanse periódicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos, sendo evidente e facilmente demostrable, sobre todo coas fotos existentes no Arquivo Vidal, que os Milagres de Traba son moi anteriores.

A Virxe dos Milagres de Traba é venerada por un culto popular que se remonta a un evento da época da Primeira Guerra Carlista en 1834, onde trala batalla, e a posible existencia dun voto, uns fieis encontraron unha talla da virxe intacta nun monte. Esta imaxe vénrase na igrexa de Santiago de Traba.

b) Singularidade: conta con aspectos orixinais e de calidade que a singularizan respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. É un reflexo da idiosincrasia da zona e a poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presentou, ao longo dos anos, innovacións nas edicións sucesivas que contribuíron a enxalzar máis o evento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

Tamén é famosa por sair en procesión cuberta por un manto de billetes como ofrenda dos devotos.

c) Arraigamento: conta co arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local e de moita xente das comarcas próximas.

d) Foron realizadas pola entidade organizadora accións que permitiron dar a coñecer ao maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa fora mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeneralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares ou a súa divulgación en medios e rrss.

e) Valor cultural: a celebración dos Milagres de Traba xira arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, ou gastronómicas.

